


MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022

CENTRO: CPI DE MONDARIZ
DATA: 25/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



ÍNDICE

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.
2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)
3. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.
4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado	
1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes	<p>Ao longo do curso farase o seguimento da recuperación das materias pendentes nas tres sesións de avaliación parciais.</p> <p>Ademais, vanse realizar actividades de recuperación entre a terceira avaliación e a avaliación final.</p>
1.2. Criterios para o alumnado de PMAR	Non hai alumnado de PMAR
1.3. Criterios de promoción do alumnado de primaria	<p>Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.</p> <p>O alumno ou alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.</p> <p>CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA OS CURSOS 2º, 4º E 6º DE PRIMARIA.</p> <p>O alumnado promocionará de curso no caso de superar todas as áreas cursadas ou cando teña avaliación negativa en dúas áreas como máximo sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas ou Lingua Castelá e Matemáticas.</p> <p>Repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis áreas, ou en dúas cando sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas ou Lingua Castelá e Matemáticas.</p> <p>De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou alumna con avaliación negativa en dúas ou tres áreas cando se den as seguintes condicións:</p> <p>-Que dúas das áreas con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Matemáticas.</p>

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

- Que o equipo docente considere que a natureza das áreas con avaliación negativa non impide ao alumno ou alumna seguir con éxito o curso ou a etapa seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

- Poderá tamén autorizarse de maneira excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas áreas que sexan simultaneamente Lingua Galega e Matemáticas ou Lingua Castelá e Matemáticas cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiase a súa evolución educativa.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta medida considérase de carácter excepcional e adoptarase se tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender ao desfase curricular ou ás dificultades de aprendizaxe do alumno/a, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso carácter excepcional.

Neste caso o equipo docente organizará un plan específico de reforzo, para que durante ese curso, a alumna ou alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a súa elaboración e seguimento seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro que desenvolve o decreto que regula a atención á diversidade.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

1.4. Criterios de promoción do alumnado de secundaria

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

	<p>dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. <p>A decisión da promoción será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.</p>
<p>1.5. Criterios de Titulación</p>	<p>Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. <p>A decisión da titulación será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa.</p> <p>De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.</p>

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado	
1.6. Criterios obtención do título de ESO para alumnado de FPB	Non hai alumnado de FPB

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)	
2.1. Criterios xerais matrícula de honra ESO	<p>As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. Neste curso temos 20 alumnos/as, polo que poderemos conceder unha mención de matrícula de honra.</p> <p>O alumno/a que teña a maior nota media (superior a 9) recibirá a mención de matrícula de honra. No caso de empate, tomarase como referencia a nota dos cursos anteriores.</p>
2.2. Criterios xerais de mencións honoríficas primaria	<p>Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.</p> <p>O/a alumno/a que teña unha nota media de 9 ou superior na avaliación final de 6º curso de educación primaria recibirá mención honorífica.</p> <p>O número de mencións honoríficas outorgadas por cada curso non poderá ser superior ao 20% do alumnado matriculado en 6º curso.</p> <p>No caso de empate, tomarase como referencia a nota dos cursos anteriores:</p> <p>1º Alumnado con unha cualificación de 9 ou superior na nota media nas materias de 5º curso.</p> <p>2º Alumnado con unha cualificación de 9 ou superior na nota media nas materias de 4º curso.</p>

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

No período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

- O alumnado que teña materias con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación coa finalidade de acadar o nivel de desempeño necesario.
- O alumnado que teña superadas as tres avaliacións parciais realizará actividades de reforzo e/ou ampliación, podendo mellorar a súa cualificación na avaliación final ordinaria. O que non é posible é que este alumnado baixe a súa nota.

3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

Non hai alumnado de 1º Bacharelato

3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

Non hai alumnado de 2º Bacharelato

3.5. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado no que se especificarán as actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel de desempeño necesario aplicando os correspondentes criterios de avaliación.

A xefatura de estudos está a realizar un modelo de informe para usalo no caso de que non apareza ningún no Xade.

3.6. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso).

Modelo remitido pola IE

4. Aprobación e publicidade

4.1. Aprobación	Proposta desta modificación da concreción curricular na CCP e posterior aprobación no claustro antes do 30 de abril de 2022
4.2. Publicidade	A modificación da concreción curricular e das programacións didácticas serán publicadas na páxina web do centro o día 2 de maio de 2022. As familias do alumnado será informado por Abalar móbil o mesmo día da publicación na páxina web.

